

Creación de emprego cooperativo no 2017**EROSKI INCORPORA 377 SOCIAS E SOCIOS
TRABALLADORES Á COOPERATIVA**

- **Tras as incorporacións, actualmente elévanse a 8.127 as persoas socias da cooperativa**
- **Case o 95% das novas socias e socios desenvolven a súa actividade nos supermercados e hipermercados EROSKI, e o resto corresponde a Viaxes EROSKI, plataforma loxística e estrutura central**

Elorrio, 1 de xuño do 2018.- A cooperativa [EROSKI](#) incorporou a 377 traballadores como socios cooperativistas no 2017. O 77% das incorporacións son mulleres. A igualdade de xénero reflíctese claramente nos seus estatutos fundacionais como cooperativa. EROSKI practica o principio da igualdade de xénero en todas as súas políticas da empresa, en todos os procesos e en todos os niveis da organización para garantir unha igualdade de oportunidades expresa, táctica e manifesta nas relacións profesionais e mais no trato persoal.

Case o 95% das novas socias e socios realiza a súa actividade nas tendas, na súa maior parte nas seccións de frescos, onde o modelo comercial "contigo" aposta por unha maior atención personalizada ao cliente. O resto corresponde a Viaxes EROSKI, plataforma loxística e estrutura central.

"Estamos moi contentos de continuar a xerar emprego cooperativo, incorporando a persoas traballadoras que deciden pasar a ser cooperativistas cos seus dereitos e obrigas, propietarias da empresa na que traballan", asegurou o Director Xeral Social de EROSKI, Iñigo Eizaguirre.

As 377 novas persoas socias completaron o programa de inserción, que trata de informar, acoller e integrar os participantes no que é e significa o modelo empresarial cooperativo e os seus valores, e mais no coñecemento dos dereitos e obrigas que se corresponden cos seus principios. Durante o programa impártense contidos que abranguen dende unha visión xeral da organización con información

EROSKIDirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es**EROSKI – OFICINA DE PRENSA****CONSEJEROS DEL NORTE**JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



sobre o Grupo EROSKI e os seus principais sinais de identidade, ata o modelo comercial “contigo” ou a xestión franquizada. Afóndase tamén nos aspectos que lles dan sentido aos comportamentos, aos modos de organizarse e ao xeito de interpretar os símbolos do modelo cooperativo.

Estas incorporacións potencian o singular modelo de xestión cooperativo de EROSKI e deben levar o conxunto do Grupo a gañar en eficiencia e competitividade, polo maior compromiso que, en adiante, asumen os traballadores como socios propietarios e, xa que logo, partícipes na xestión e resultados da súa empresa.

Os traballadores como propietarios da empresa

EROSKI é unha cooperativa na que os socios traballadores constitúen unha das dúas grandes comunidades que configuran a organización. O alto nivel de compromiso interno co proxecto colectivo é un dos trazos máis identificativos da súa cultura corporativa. EROSKI conta cun modelo propio de empresa diferenciador, baseado en que os traballadores son os propietarios da empresa na que traballan, cun modelo de xestión participativa. Na actualidade, a cooperativa conta con 8.127 socios traballadores.

En EROSKI as decisións de maior calado debátense e tómanse nos órganos de goberno e representación da cooperativa, nalgúns casos logo de realizar tamén amplos referendos nos que teñen dereito a participar todas as Socias e Socios Traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)